



Consello Social
Universidade de Vigo

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 28.02.2020**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 28.02.2020

HORA DE COMEZO: 12:00 h.

HORA DE REMATE: 13:50 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Daniel Barata Quintas
D^a Raquel María Souto García
D. José María Martín Moreno
D. Jesús Graña Nogueiras
D. Antonio Macho Senra
D. Manuel González Piñeiro
D^a María Elvira Larriba Leira

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, día 28 de febreiro de 2020, ás 12:00 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (16.12.2019).
2. Informe do presidente.
3. Liquidación do orzamento de ingresos e gastos da UVigo. Informe de execución orzamentaria anual e Carta de avance de auditoría, consonte Real Decreto-Lei 14/2012. Elevación de acordo ao Pleno.
4. Correccións e modificacións parciais do orzamento da UVigo correspondente a 2020.
5. Informe que proceda sobre a xestión e a situación económica, e a solvencia da UVigo.
6. Aprobación definitiva, se procede, da creación e da participación da UVigo no capital social da empresa "Blue Structure", consonte acordo do Consello de Goberno (CG) do 22 de xaneiro de 2020.
7. Aprobación, se procede, da participación da UVigo na asociación "Infab Hub". (Acordo do CG do 22.01.2020).
8. Aprobación, se procede, da participación da UVigo na asociación "Interval", Polo español de INTEROP-VLab. (Acordo do CG do 22.01.2020).
9. Informe sobre o estado de aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Procedementos (solicitud, tramitación e xustificación) nos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa" (Pleno do 1 de xuño de 2019).
10. Control e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo. Informe que proceda sobre as doazóns menores e correntes. (Acordo do 29 de xuño de 2017).
11. Control e seguimento da aplicación da Normativa de xestión de espazos universitarios. Informe que corresponda sobre as dispensas de pago acordadas pola Xerencia.
12. Acordo que proceda sobre a asignación singular e individual de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2018, por cargos de xestión, polo labor docente e investigador e pola excelencia curricular docente e investigadora, consonte resolución da ACSUG.
13. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en decembro de 2019 e xaneiro de 2020.
14. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes e dá a benvida a M^a Elvira Larriba, que se incorpora á Comisión en substitución de Jorge Cebreiros.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (16.12.2019).

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do Presidente.

Daniel Barata fai unha introdución previa para resumir que na Orde do día contémpanse asuntos basicamente de procedemento normativo e de control, recollidos entre as obrigas competenciais do Consello Social e dos que se dará conta ao Pleno.

PUNTO 3

Liquidación do orzamento de ingresos e gastos da UVigo. Informe de execución orzamentaria anual e Carta de avance de auditoría, consonte Real Decreto-Lei 14/2012. Elevación de acordo ao Pleno.

Explica José M^a Martín Moreno o estado de liquidación provisional do orzamento correspondente a 2019, e as incidencias derivadas da obrigatoriedade -por sentenza firme- do pago de 2,6 millóns de euros ao Concello de Vigo polo IBI, e do adianto de 3,7 millóns de euros para infraestruturas de investigación que o Ministerio non ingresará ata este ano 2020 pese a que a UVigo fixo o gasto en 2019. Engade que se puideron afrontar eses gastos porque "temos unha situación económico-financeira saneada e un remanente de Tesourería que outras universidades non teñen". E abunda en que se non se contabilizasen esas cantidades, "teríamos pechado con cinco millóns de euros en positivo", para destacar finalmente a posición do remanente de Tesourería en 58.656.377 euros.

Remítese o vicerreitor de Economía á Carta de avance de auditoría, que acredita o peche en positivo, "polo que non terá efectos no orzamento do exercicio 2020", considerando os auditores que "se a liquidación do orzamento se corresponde coa dispoñible...non existe motivo para mencionar condición algunha no informe de auditoría de contas anuais".

Manuel González expón diversas dúbidas e consultas sobre os datos recollidos en distintos capítulos e contas, anticipando a súa abstención neste punto. A todas as preguntas e consideracións resposta Rodrigo Cerviño con aclaracións, xustificacións argumentais e precisións en cada caso, baixo o común denominador de que os requisitos que esixe o cumprimento desde punto e o Real-Decreto non demandan os datos solicitados polo conselleiro, por ser moi prematuro xa que moitos deles están aínda en proceso de recollida, se ben explica que as respostas á maioría de cuestións deberán agardar a dispor das contas completas anuais, que se examinarán en xuño xunto coa auditoría correspondente, como ven sendo habitual.

Reitera o vicerreitor que tanto no que se refire ao déficit como ao remanente de tesourería cómprese coa normativa establecida e presentan datos positivos, entendendo por tanto que o Consello Social "non ten ningunha responsabilidade" para propoñer un plan de equilibrio. Manuel González afirma que lle resulta complicado ter unha visión clara do que está a suceder, polo que anuncia a súa abstención.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 4

Correccións e modificacións parciais do orzamento da UVigo correspondente a 2020.

Dá conta Rodrigo Cerviño das circunstancias e dos motivos que obrigan a actualizar, rectificar ou corrixir as cifras referidas ao orzamento dos Mestrados dos ámbitos científico e tecnolóxico, e ás dotacións do programa 111L que aluden ás páxinas 77 e 143 correspondentes á dotación da Oficina de Proxectos Internacionais.

- ***A Comisión informa favorablemente.***



PUNTO 5

Informe que proceda sobre a xestión e a situación económica, e a solvencia da UVigo.

Principia a súa intervención José M^a Martín Moreno pedindo desculpas á comisión polo dano que causan ao bo nome da UVigo as declaracións do exvicexerente económico da UVigo, Francisco López, nas que, entre outras acusacións, afirmaba que *se a UVigo non reducía o déficit podería levar á Xunta a tomar medidas como a intervención de UVigo*, e engadía que *non se están a facer as cousas ben e os responsables son os xefes de servizo*.

O vicerreitor rexeita de plano as críticas, nega unha ameaza de intervención e explica que o desaxuste -"contable, que non estrutural"- deriva do éxito dos investigadores, porque cando un investigador capta un proxecto da UE, o ministerio "ingrésanos o 80%, pero (debido ao plan xeral de contabilidade pública que afecta ás universidades) témolo que ingresar como activo financeiro no capítulo 8, que non computa en déficit nin en superávit. Sen embargo, o gasto que anualmente vai facendo o investigador vai ao capítulo 6, que si computa. E non podemos recoñecer o dereito da universidade ata que o ministerio certifica a Bruxelas ese gasto, 3, 4 ou 5 anos despois". Subliña que se podería dicir que "canto máis éxito dos investigadores, máis déficit", e que por iso non se debe renunciar a unha universidade con investigadores de vangarda, que capten proxectos e teñan contacto coas empresas: "iso vai a xerar problemas sempre, pois haberá que adaptarse".

Durante a exposición lembra que o propio exvicexerente económico elaborou, en febreiro de 2019, un estudo para determinar se o déficit era estrutural ou contable, concluíndo que a UVigo cumpría con todas as regras fiscais. Engade que ese informe remitiúselle en maio á Xunta, acompañado dun posterior plan de equilibrio financeiro no que se recollían as políticas de recursos humanos para os seguintes anos, "que a propia Xunta aprobou, autorizándonos a OPE e a masa salarial adicional"; e en novembro dese mesmo ano "volveunos a aprobar a oferta de emprego e a masa salarial". Manifesta o vicerreitor que "esta é a mellor garantía de que estamos a facer as cousas de maneira correcta", ademais de que a Xunta ten información actualizada e constante de todas as operacións que realiza a UVigo, e garante que "moi poucas universidades españolas teñen a situación solvente e saneada que temos nos".

Respecto dos xefes de servizo, Martín Moreno admite que unha institución con 2.000 traballadores e 20 mil alumnos teña algunha ineficiencia polos problemas que xera a xestión de 195 millóns de euros, "pero nunca pola incompetencia do persoal". Cualifica de inxustas as descalificacións ao persoal que fai o exvicexerente, e defende a "alta capacitación e profesionalidade" do persoal dos servizos da área económica e dos seus xefes. Informa, por último, das xestións feitas ante o ministerio para que varíe o xeito de contabilizar eses ingresos, e que a partir de 2019 xa non se fagan os apuntes contables que dan lugar a eses déficits, mentres a UVigo activará unha nova aplicación para saber a que corresponde e a que capítulo vai cada ingreso do ministerio, o que axudará a mellorar a contabilidade. O director de Administración aclara que a bondade da nova aplicación comprobarase cando se coñeza a liquidación das contas de 2019.

Os asistentes entran nun intercambio de impresións, nas que coinciden na defensa do traballo dos funcionarios e na suficiencia das explicacións recibidas, salvo Manuel González que anuncia a súa abstención neste punto por non saber "por que sucede isto". Antonio Macho alude a "gravidade" da percepción pública cando se fala de intervención da universidade, no que concede un papel importante ao Consello Social para que a sociedade perciba a imaxe real da UVigo; e Elvira Larriba solicita que se informe da maneira máis transparente posible "porque a reputación é moi importante".

- ***A Comisión considera suficiente a información recibida.***



PUNTO 6

Aprobación definitiva, se procede, da creación e da participación da UVigo no capital social da empresa "Blue Structure", consonte acordo do Consello de Goberno (CG) do 22 de xaneiro de 2020.

Resalta Rodrigo Cerviño que a empresa abonará a UVigo unha regalía do 3% do valor neto das vendas acadadas coa explotación do servizo, e que durante os seis anos de duración do contrato, usaranse as instalacións da ECIMAT para dar apoio loxístico á empresa.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da participación da UVigo na asociación "Infab Hub". (Acordo do CG do 22.01.2020).

O director de Administración explica os puntos máis destacados da documentación que se achega, e a cota que deberá aportar a UVigo e que ascende a 1.200 euros.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 8

Aprobación, se procede, da participación da UVigo na asociación "Interval", Polo español de INTEROP-VLab. (Acordo do CG do 22.01.2020).

Aclárase que se deberá satisfacer unha cota anual de 1.000 euros, así como outras condicións de participación que se recollen na documentación.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 9

Informe sobre o estado de aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Procedementos (solicitud, tramitación e xustificación) nos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa" (Pleno do 1 de xuño de 2019).

Expón Rodrigo Cerviño que unha vez recibidas as propostas de mellora, e para acadar os obxectivos previstos, téñense levado a cabo reunións co persoal da nova oficina de proxectos OPI, para analizar e deseñar unha ferramenta similar á que opera para os proxectos de investigación, e que está practicamente definida xa co responsable da área TIC, prevéndose que estea operativa a partir do segundo semestre de 2020.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTOS 10 E 11

Control e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo. Informe que proceda sobre as doazóns menores e correntes. (Acordo do 29 de xuño de 2017).

Control e seguimento da aplicación da Normativa de xestión de espazos universitarios. Informe que corresponda sobre as dispensas de pago acordadas pola Xerencia.

O director de Administración informa da doazón recibida ata febreiro de 2020 e das 27 dispensas de pago concedidas polo uso de espazos universitarios, con presenza maioritaria de actividades culturais e divulgativas.

- ***A Comisión dáse por informada.***



PUNTO 12

Acordo que proceda sobre a asignación singular e individual de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2018, por cargos de xestión, polo labor docente e investigador e pola excelencia curricular docente e investigadora, consonte resolución da ACSUG.

Previas explicacións do secretario e da xerente respecto das competencias do Consello Social e do prazo de aplicación da decisión que se adopte no caso de ser favorable, a Comisión:

- ***Acorda a asignación e informar favorablemente ao Pleno.***

PUNTO 13

Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en decembro de 2019 e xaneiro de 2020.

Interésase Jesús Graña polo convenio entre a UVigo e o CIXUG, para o soporte e mantemento de aplicacións informáticas e prestación doutros servizos no ano 2020. Pregunta se posibilitará un aforro á UVigo, á vista do custe que cualifica de "elevado". Responden Raquel Souto e José M^a Martín que aínda se está na fase previa e que se informará oportunamente sobre a súa operatividade.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 14

Rogos e preguntas

Manuel González introduce unha reflexión xenérica sobre as queixas oídas nas reunións do Plan Estratéxico -ás que asiste en representación do Consello Social- sobre carencias de persoal en determinados servizos da UVigo. A xerente considera que puidera tratarse de casos nos que ampliar persoal sería complicado e habería que optar por reorganizar.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:50 horas do 28 de febreiro de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Daniel Barata Quintas

Ignacio Rodríguez Iglesias